



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ACTA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUN/HA PEÓN/A, PARA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE PROTECCIÓN E MANTENIMENTO MEDIOAMBIENTAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL.

Reunidos ás 10:30 horas en data 10/5/2024 na sala de comisións da Casa do Concello de Arzúa os membros da Comisión seleccionadora do proceso para contratación dun peón para realización de tarefas de protección e mantemento medioambiental segundo bases de selección que constan en expediente TEDEC 2024/E001/000005- **APROL RURAL** e tendo en conta *Orde de 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024. (DOG nº 17 de data 24/1/2024).*

Convocados a esta sesión por decreto do alcalde de aprobación de lista definitiva estando presentes :

Presidente : Titular: Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal).

Vogais:

Titular: D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).

Titular: D. Ramón Vereca Castelo (encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).

Titular D. Alberto Cao Gigirín (Conserxe colexio, operario servizos varios)

Secretaria: Dña María José Lage Vázquez (AEDL do Concello de Arzúa).

Polo Presidente declárase constituída a Comisión Seleccionadora, iniciase a sesión para selección conforme as bases que rexen este proceso selectivo que indican o que segue :

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditalo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio (sendo valorada como apto/a ou non apto/a) que terá lugar antes da valoración da proba de oposición práctica. A non aptitude impedirá seguir no proceso selectivo. Dita proba consistirá nunha entrevista en galego respecto da cal o tribunal poderá solicitar asistencia de asesoría con voz e sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

11.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de oposición cunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio , na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo (desbroce, uso e mantemento de maquinaria e ferramenta, medidas de seguridade ..) . A comisión seleccionadora poderá durante a realización da proba práctica de oposición realizar preguntas relacionadas coas funcións (as mesmas para todos os /as aspirantes) para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

A proba terá unha valoración de 0 a 10 puntos debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para entender que está superada .

Motivarase a puntuación en :

a) nivel de coñecementos amosados 5 puntos

b) axilidade e destreza na realización da proba 5 puntos .

O día de celebración e hora será publicado no taboleiro de anuncios do concello cando se publique a lista definitiva de admitidos. A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes na proba práctica, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal a relación de aprobados por orde de puntuación e presentará a proposta do/a candidato/a que obtivese maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

Procedese a continuación á realización da proba de galego o aspirante :

D. José Luis Rivadulla Valiño

Acorda por unanimidade a Comisión preguntarlle, si sabe cales son as funcións do posto de traballo e porqué quere optar a éste posto.


José Luis Rivadulla Valiño sinala que desbrozar, recoller basura, andar coa máquina desbrozadora, a cousas necesaria que fan falta no concello. Eu na casa ando coa desbrozadora e tamén ando polo monte.



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

 O aspirante amosou na resposta coñecemento de galego acordándose por unanimidade pola Comisión calificalos como APTO o que lle é comunicado para que se desprace o lugar de realización da proba práctica da oposición .

Desplázanse os membros da Comisión a nave dos servizos e de mantemento do Concello de Arzúa (A Coruña), en Santa María , onde se vai realizar a proba de oposición práctica , a que foron convocados todos/as os /as aspirantes .

 Sendo as 11:15 horas son chamados os/as aspirantes da lista definitiva presentándose os que seguen :

Manuel Gallego Ramos
Eva Blanco Crego
Roberto Balado Sangiao
José Luis Rivadulla Valiño
Tamara Fernandez Gil
Miguel Angel Meijide César

 A Comisión por unanimidade ACORDOU realizar esta proba :

ÚNICO.-

Para que amosen nivel de coñecementos 5 PUNTOS. Acórdase poñer nunha mesa EPI con lubas, chaleco reflectante, pantalla protectora, 3 en 1, zapatos de seguridade, gafas, arnés, cinta de balizamento, cascos e protectores auditivos. Teñen que escoller 5 elementos obrigatorios para as tarefas que van a realizar.

Os cinco elementos obrigatorios serían zapatos de seguridade, pantalla protectora, chaleco reflectante, protectores auditivos e lubas.

Para motivar a puntuación de axilidade e destreza 5 PUNTOS acordase poñer un tempo de 2 minutos para colocación correcta do fío na desbrozadora .

Este acordo é manifestado os /as aspirantes e explicado polo Presidente antes da realización da proba de oposición práctica .

Prócedese a realización das probas e valoración pola Comisión que por unanimidade ACORDOU:



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

PRIMEIRO .- Puntuar coa seguinte motivación os /as aspirantes :

Nome e apelidos	PUNTUACION VALORACION DE MÉRITOS
Manuel Gallego Ramos	<p>a) Nivel coñecementos : 3 (menciona pantalla protectora, gafas, lubas, chaleco e casco)</p> <p>b) Axilidade e destreza : 1. Aínda que non foi capaz de montar o fío no carrete da desbrozadora no tempo estipulado, foi capaz de abrir o carrete.</p> <p>TOTAL : 4 PUNTOS NON SUPERADA</p>
Eva Blanco Crego	<p>a) Nivel coñecementos :4 (menciona casco, protector, zapatos de seguridade, gafas, protectores auditivos e chaleco)</p> <p>b) Axilidade e destreza : 2. Non foi capaz de montar o fío no carrete da desbrozadora no tempo estipulado, pero coñecía o funcionamento correctamente unha vez que foi capaz de abrir o carrete.</p> <p>TOTAL : 6 PUNTOS NON SUPERADA</p>
Roberto Balado Sangiao	<p>a) Nivel coñecementos :4 (pantalla protectora, protectores auditivos, lubas, gafas e zapatos)</p> <p>b) Axilidade e destreza : 5 (Realizou a proba correctamente no tempo estipulado)</p>

	TOTAL : 9 PUNTOS SUPERADA
José Luis Rivadulla Valiño	a) Nivel coñecementos :5 (menciona pantalla protectora, zapatos de seguridade, protectores auditivos, lubas e chaleco) b) Axilidade e destreza :5 (Realizou a proba correctamente no tempo estipulado) TOTAL : 10 PUNTOS SUPERADA
Tamara Fernandez Gil	a) Nivel coñecementos :4 (menciona lubas, protectores auditivos, chaleco, casco en pantalla protectora) b) Axilidade e destreza: 2. Non foi capaz de montar o fío no carrete da desbrozadora no tempo estipulado, pero coñecía o funcionamento perfectamente. TOTAL: 6. SUPERADA
Miguel Angel Meijide	a) Nivel coñecementos :3 (menciona protectores auditivos, pantalla protectora, casco, lubas e gafas) b) Axilidade e destreza: 4. Soubo colocalo, o que demostrou destreza e axilidade, pero non o deixou montado correctamente o fío. TOTAL : 7 PUNTOS SUPERADA

SEGUNDO.- Considerando que dos aspirantes valorados superan o proceso selectivo aqueles que acadan 5 puntos, a comisión propón para a súa contratación a **D. José Luis Rivadulla Valiño (10 puntos)**, e forman parte da lista de reserva **D. Roberto Balado Sangiao (9 Puntos)** e **D. Miguel Angel Meijide (7 puntos)**. **Eva Blanco Crego (7 Puntos)** e **Tamara Fernandez Gil (7 Puntos)**.

No caso que houbera que tirar da lista de reserva o desempate entre Eva Blanco Crego e Tamara Fernández Gil se faría tendo en conta o que reflexa no apartado 12 das bases que regulan este



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

proceso selectivo: Preferencia da persoa que non perciba ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego e si aínda así persistira o empate o de maior antigüedad en situación de desemprego.

TERCEIRO.-Publicar no Taboleiro de edictos da sede electrónica municipal este acta con relación de aprobados e presentar o Alcalde a mesma na que se propón a contratación de **D. José Luis Rivadulla Valiño**, facendo constar que este aspirante para ser contratado deberá aportar previamente a súa contratación no prazo de dous días hábiles certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado.

Polo Presidente sendo as 12:40 horas levántase esta sesión de todo o que como Secretaria dou fe remitíndose a acta para sinatura do visto bo do Presidente e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :

Sinatura dixital :

Secretaria: María José Lage Vázquez (AEDL Concello de Arzúa).

Presidente: Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal).

Vogais sinaturas non dixitais :

Titular: D. Ramón Vereá Castelo (encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).

Titular: D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).

Titular: D. Alberto Cao Gigirín (Conserxe colexio e operario servizos varios).